



### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/22-1</b>
<b>Entidade</b>	(*) PLAN CONXUNTO DAS CONFRARÍAS DA CORUÑA, MERA, LORBÉ E ARES	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Ámbito territorial das confrarías da Coruña, Mera, Lorbé e Ares
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A.- Suevos : da praia de Sabón ata praia de Bens. Zona B.- Portiño: da praia de Bens ata punta Liseiro. Zona C.- Torre: de punta Liseiro ata dique de abrigo. Zona D.- Mera: da praia de Bastiagueiro ata punta San Amede. Zona E: Ares: do porto de Ares ata punta Segaña

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
24	30	35
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		SI(*) (Ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
1	5 (*)	6 (*)

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		144										
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> : a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé (mariscador/día)	Embarcación/día	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	7 kg		7 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raspa ou rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
<b>Puntos de control</b>	A pé: torreta de San Amaro e porto de Suevos, O Portiño e Mera Embarcacións: dársena de Oza
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas autorizadas de A Coruña, Caión, Malpica, Cedeira e Ferrol

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

(\*) Modificado por resolución do 15 de marzo de 2011 do recurso potestativo de reposición 1

(\*\*) Corrección de erros do 24 de marzo de 2011



<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>																				
Zonas:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Extracción semente para resembrar</b>																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Sementeiras</b>																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Traslados</b>																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Rareos</b>																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Limpezas e arados</b>																				
Zonas:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
<b>Outros</b>																				

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**(\*\*) Ámbito:** Así, ante o acordo das confrarías de Mera, Lorbé e Ares, as zonas de extracción deste plan inclúense nos seguintes ámbitos territoriais:

- de praia de Sabón a praia de Bastiagueiro: ámbito territorial da confraría de pescadores da Coruña
- de praia de Bastiagueiro a porto de Dexo: ámbito territorial da confraría de pescadores de Mera
- de porto de Dexo a punta San Amede: ámbito territorial da confraría de pescadores de Lorbé
- do porto de Ares ata punta Segaña: ámbito territorial da confraría de pescadores de Ares

**Participantes:** Na modalidade de a pé, rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan é de 24. ten o permex en vigor ata o 31 de decembro de 2011.

No listado de embarcacións anexo ao plan inclúen a embarcación que foi despezada para a nova construción, pola que debe ser substituída.

**Ampliación:** A proposta de ampliación deste plan é:

- 1 permiso de explotación de percebe a pé.
- 4 embarcacións, sen especificar o número de habilitacións.
- 16 habilitacións a ofertar entre as embarcacións autorizadas.

O acceder a esta ampliación suporía un incremento de persoas autorizadas para a explotación deste recurso de entre 21 e 25, dependendo de se as 4 embarcacións se incorporarían con 1 ou

(\*) Modificado por resolución do 15 de marzo de 2011 do recurso potestativo de reposición 2

(\*\*) Corrección de erros do 24 de marzo de 2011



2 habilitacións. En calquera caso, o número de persoas autorizadas superaría ás baixas que se pretenden cubrir.

(\*) A situación destes bancos e os datos obtidos no seguimento da súa explotación nos últimos anos obrigan a unha certa cautela á hora de conceder novos permisos de explotación. (\*) Sen embargo, co obxecto de cubrir en parte as vacantes producidas nos últimos anos e dado que foi incluído o ámbito da confraría de pescadores de Ares, a ampliación do número de permisos de explotación quedaría do seguinte xeito:

- Confraría de pescadores da Coruña: a ampliación de 1 percebeiro a pé e de 4 embarcacións con 1 habilitación cada unha. No caso de que como resultado do procedemento de ampliación de embarcacións quedasen prazas vacantes entre os percebeiros de a pé -posto que algúns deles son á súa vez armadores de embarcacións e están interesados no cambio de modalidade- estas poderanse ofertar nun segundo procedemento de ampliación entre todas as embarcacións cun único cupo. A selección farase de conformidade aos baremos aprobados pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.
- Confraría de pescadores de Ares: ampliación de 1 embarcación con dous cupos. A selección farase de conformidade aos baremos aprobados pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

**Xestión da explotación:** Aínda que a rotación de zonas proposta considérase pouco precisa, recolle un período de veda mínimo de 2 meses para cada unha das zonas de explotación.

**Puntos de control:** Establécense puntos de control diferenciados, para percebeiros de a pé e para embarcacións, nos que se controlan os cupos e se emite un vale a cada percebeiro no que consta a data, quilos e zona de extracción. Os responsables do control son os vixiantes da confraría, ou membros da directiva da agrupación de percebeiros de xeito rotativo. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento eficaz dos puntos de control establecidos.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo memo propietario que a entrega”.*

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Réxime disciplinario:** O incumprimento das normas do plan suporá a non inclusión no plan do ano seguinte. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*



**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.